



Corrección de erros. RESOLUCIÓN da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos pola que se convoca un procedemento para a elaboración das listas de interinidades e substitucións para impartir docencia en diversas especialidades do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593), do corpo de profesores de música e artes escénicas (594) e do corpo de profesores de artes plásticas e deseño (595) (código de procedemento ED003A).

Advertidos erros na antedita resolución é necesario facer as seguintes correccións:

Na páxina 7, na base segunda (Requisitos) apartado 1a) a) nas titulacións requiridas para a especialidade Frauta de bico do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593411) onde di :

Especialidade	Titulacións
Frauta de bico (411)	<ul style="list-style-type: none"> Título de Grao nas Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Título Superior de Música, especialidade Interpretación, itinerario instrumentos da música tradicional e popular de Galicia (Frauta de bico) ou especialidade Pedagogía, itinerario Pedagogía do instrumento (Frauta de bico), ou Título de Graduado/a en Música, especialidade Interpretación, itinerario instrumentos da música tradicional e popular de Galicia (Frauta de bico) ou especialidade Pedagogía, itinerario Pedagogía do instrumento (Frauta de bico). Real decreto 631/2010, do 14 de maio. Título Superior de Música, especialidade Frauta de bico ou especialidade Pedagogía do instrumento, opción B (Frauta de bico). Real decreto 617/1995, do 21 de abril. Título de Profesor Superior ou Título de Profesor, especialidade Frauta de bico. Decreto 2618/1966, do 10 de setembro.

Debe dicir:

Especialidade	Titulacións
Frauta de bico (411)	<ul style="list-style-type: none"> Título de Grao nas Ensinanzas Artísticas Superiores de Música ou Título Superior de Música, especialidade Interpretación, (Frauta de bico) ou especialidade Pedagogía, itinerario Pedagogía do instrumento (Frauta de bico), ou Título de Graduado/a en Música, especialidade Interpretación, (Frauta de bico) ou especialidade Pedagogía, itinerario Pedagogía do instrumento (Frauta de bico). Real decreto 631/2010, do 14 de maio. Título Superior de Música, especialidade Frauta de bico ou especialidade Pedagogía do instrumento, opción B (Frauta de bico). Real decreto 617/1995, do 21 de abril. Título de Profesor Superior ou Título de Profesor, especialidade Frauta de bico. Decreto 2618/1966, do 10 de setembro.

Na páxina 9 ao final deste punto 1 onde di:

A titulación presentada deberá acompañarse da correspondente certificación académica onde conste, de ser o caso, o itinerario e ou instrumento cursado pola persoa interesada.

Debe dicir:

A titulación presentada deberá acompañarse da correspondente certificación académica onde conste, de ser o caso, o itinerario e ou instrumento cursado pola persoa interesada.

Son equivalentes para os efectos de docencia as titulacións homólogas ás especificadas, segundo o Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro (BOE do 17 de novembro).

No caso de que as titulacións se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación ou equivalencia, segundo o Real Decreto 889/2022, de 18 de outubro (BOE do 19 de outubro), Real Decreto 581/2017, de 9 de xuño, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/55/UE do Parlamento Europeo e do Consello, de 20 de novembro de 2013, pola que se modifica a Directiva 2005/36/CE relativa ao recoñecemento de cualificacións profesionais e o Regulamento (UE) n.º 1024/2012 relativo á cooperación administrativa a través do Sistema de Información do Mercado Interior (Regulamento IMI).

No caso de títulos e estudos estranxeiros de educación non universitaria terase en conta o Real Decreto 104/1988, de 29 de xaneiro, sobre homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación non universitaria e demais normativa concordante e de desenvolvemento.





Na páxina 10 no punto 2 onde di:

- b) Posuír un título oficial de mestrado, para cuxa obtención se esixan, cando menos, 60 créditos, e que capacite para a práctica da investigación educativa ou da investigación propia dos ensinos artísticos
- c) Posuír o recoñecemento de suficiencia investigadora ou o certificado/diploma acreditativo de estudos avanzados.

Así mesmo, reunirán o requisito de titulación (exixido no punto 1) e de formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das Ensinanzas Artísticas (exixido no punto 2) para o acceso ás listas de persoas aspirantes a desenvolver postos docentes en réxime de interinidades e/ou substitucións:

- a) as persoas que posúan unha das titulacións declaradas equivalentes, para os efectos de docencia, ás publicadas no Real decreto 1954/1994, do 30 de setembro (BOE do 17 de novembro), sobre homologación de títulos aos do Catálogo de títulos universitarios oficiais, ou a calquera outra disposición que sexa de aplicación.
- b) No caso de que as ditas titulacións se obtivesen no estranxeiro, deberá terse concedida a correspondente credencial de homologación ou equivalencia, segundo o Real Decreto 889/2022, de 18 de outubro (BOE do 19 de outubro), Real decreto 285/2004, do 20 de febreiro (Boletín Oficial del Estado do 4 de marzo), e o Real decreto 1837/2008, do 8 de novembro, polo que se incorporan ao ordenamento xurídico español a Directiva 2005/36/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 7 de setembro, e a Directiva 2006/100/CE do Consello, do 20 de novembro, relativas ao recoñecemento de cualificacións profesionais, así como a determinados aspectos da profesión de avogado (Boletín Oficial do Estado do 20 de novembro).
- c) No caso de títulos e estudos estranxeiros de educación non universitaria deberá aterse ao Real Decreto 104/1988, de 29 de xaneiro, sobre homologación e validación de títulos e estudos estranxeiros de educación non universitaria e demais normativa concordante e de desenvolvemento.”

Debe dicir:

2.- Para todas as especialidades convocadas do corpo de catedráticos de música e artes escénicas (593) as persoas aspirantes deberán posuír a formación e capacidade de tutela nas investigacións propias das Ensinanzas Artísticas.

Para estes efectos, deberá acreditarse indistintamente este requisito, cando menos, por algún dos seguintes medios:

- b) Posuír un título oficial de mestrado, para cuxa obtención se esixan, cando menos, 60 créditos, e que capacite para a práctica da investigación educativa ou da investigación propia dos ensinos artísticos
- c) Posuír o recoñecemento de suficiencia investigadora ou o certificado/diploma acreditativo de estudos avanzados.

Na páxina 16 na base sétima onde di:

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades

debe dicir:

Consellería de Educación, Ciencia, Universidades e Formación Profesional

Asinado electronicamente en Santiago de Compostela

O director xeral de Centros e Recursos Humanos

Jesús Manuel Álvarez Bértolo

